

BOLETÍN DE INFORMACIÓN SOCIOLABORAL

Boletín núm. 20 - Xaneiro 2020

Poboación

A 01.07.2019, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia está por baixo das 2.700.000 persoas, cun descenso de poboación no semestre de -1.615 habitantes, descenso que non acada o -0,1% do total. O dato confirma a tendencia rexistrada en semestres anteriores pola que o descenso de poboación continúa, pero cada vez a menor ritmo. Un ano máis, a causa do descenso rexistrado reside no saldo vexetativo negativo e, en moita menor medida, no saldo migratorio interior entre Comunidades Autónomas, saldo que o dato positivo de migración exterior non é quen de compensar por completo.

O dato do saldo vexetativo galego é o peor de España en termos absolutos, e o terceiro máis negativo en termos relativos. No conxunto do Estado, o saldo vexetativo foi tamén negativo, aínda que lixeiramente menos negativo que o do primeiro semestre de 2018. Cómpre sinalar que todas as Comunidades presentan un saldo vexetativo negativo excepto Murcia, Illas Baleares e Madrid.

A migración interior volveu a valores negativos no primeiro semestre do ano en Galicia despois do dato positivo do semestre anterior. O dato do saldo migratorio exterior, pola contra, mantense na tendencia alcista de semestres anteriores, tanto en Galicia como en España

Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2019

	Poboación a 1 de xullo de 2019(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2019	Saldo primeiro semestre 2019			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.698.764	2.700.441	-8.426	7.026	-215	-1.615
España	47.100.396	46.937.060	-45.002	209.097	0	164.095


Fonte: INE / (*) Datos provisionais

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2014-2019(*)

	% (T/T-4)	2014	2015	2016	2017	2018	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19
Galicia		1,2	2,8	3,3	2,3	2,2	1,9	2,7	2,7	3,7	3,7	3,7	3,4	2,7	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7
España		1,4	3,8	3,0	2,9	2,4	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2	1,9

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



Logo de que o IGE adaptase nas súas medicións do PIB as indicacións reflectidas na nota informativa do INE do pasado 16.09.2019, é de novo posible facer comparativas na evolución desta variable en Galicia e no conxunto do Estado. O novo criterio leva o nivel do PIB galego por baixo do 2% nos tres trimestres de 2019, o 1,7% para o terceiro trimestre do ano, dúas décimas por baixo do PIB estatal para o trimestre. O efecto da nova medición no PIB galego é similar ao efecto a nivel estatal, con incrementos sobre as anteriores medidas para os anos 2015 e 2016 e reducións dos valores para o PIB nos anos posteriores, reducións que no ano 2017 fican preto do punto porcentual.

Máis aló de variacións nos datos con respecto á metodoloxía precedente, confírmase a tendencia na desaceleración do crecemento do PIB tanto en Galicia como en España, sendo os valores rexistrados en Galicia lixeiramente inferiores nos últimos catro trimestres.

O dato provisional para o PIB do cuarto trimestre de 2019 para España é dun incremento do PIB do 0,5%, lixeiramente por riba do estimado. Este dato levaría o PIB de España ata o 2% en 2019.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No último trimestre de 2019, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) sinala que a poboación activa de Galicia incrementouse no 0,4% nos últimos 12 meses (4.700 persoas máis) fronte ao incremento rexistrado a nivel estatal que foi de 290.000 persoas, co que a poboación activa medrou en España nun 1,3% en 2019. Respecto do trimestre pasado, a poboación activa reduciuse en -7.400 persoas (un -0,6%). En España, a poboación activa medrou nos tres últimos meses do ano un 0,3% respecto do trimestre anterior.

Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2019

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.241,7	-7,4	-0,6	4,7	0,4
España	23.158,8	70,1	0,3	290,0	1,3

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)


Os datos da EPA sobre ocupación no cuarto trimestre amosan unha caída da ocupación de -9.700 persoas respecto do 3º trimestre de 2019 (6.900 respecto do trimestre anterior) e un incremento total para 2019 de 7.900 persoas ocupadas. Deste xeito, o número de galegos e galegas ocupados fica en 1.096.000, dato que deixa a taxa de ocupación ata o 46,9% co que neste trimestre a diferenza respecto da taxa a nivel estatal incrementase en medio punto porcentual, logo de que a taxa para España en 2019 acadase o 50,6%. Unha vez rematado o ano 2019, a taxa de ocupación de Galicia está entre as máis cativas de España, tan só por diante da de Andalucía, Asturias, Extremadura e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Para rematar co análise da EPA, o número de galegos e galegas en paro no trimestre foi de 145.800, cunha redución interanual de -3.200 persoas e un incremento de 2.300 persoas respecto do trimestre anterior. Así, a EPA fixa a taxa de paro en Galicia nun 11,7% da poboación activa. Esta taxa é inferior en 2 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto de España e supera en 0,2 puntos porcentuais á rexistrada no trimestre anterior.

4T2019	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	164.307	165.659	165.308	7.323	1.352	-351	4,7%	0,8%	-0,2%	-5.437	-4.710	-3.987	-3,2%	-2,8%	-2,4%
Homes	68.987	70.031	71.666	4.393	1.044	1.635	6,8%	1,5%	2,3%	-2.027	-2.270	-1.717	-2,9%	-3,1%	-2,3%
Mulleres	95.320	95.628	93.642	2.930	308	-1.986	3,2%	0,3%	-2,1%	-3.410	-2.440	-2.270	-3,5%	-2,5%	-2,4%
<30 anos	21.887	22.136	20.790	2.134	249	-1.346	10,8%	1,1%	-6,1%	-726	-430	-365	-3,2%	-1,9%	-1,7%
entre 30 e 44 anos	53.182	53.363	53.556	2.174	181	193	4,3%	0,3%	0,4%	-3.992	-4.110	-3.825	-7,0%	-7,2%	-6,7%
>44 anos	89.238	90.160	90.962	3.015	922	802	3,5%	1,0%	0,9%	-719	-170	203	-0,8%	-0,2%	0,2%
Agricultura e Pesca	5.806	6.061	6.292	827	255	231	16,6%	4,4%	3,8%	-269	-327	-291	-4,4%	-5,1%	-4,4%
Industria	18.159	17.985	18.579	598	-174	594	3,4%	-1,0%	3,3%	-781	-884	-1.114	-4,1%	-4,7%	-5,7%
Construción	12.726	13.071	14.085	363	345	1.014	2,9%	2,7%	7,8%	-1.115	-1.032	-878	-8,1%	-7,3%	-5,9%
Servizos	113.574	114.524	112.979	5.097	950	-1.545	4,7%	0,8%	-1,3%	-2.318	-1.720	-970	-2,0%	-1,5%	-0,9%
Sen emprego anterior	14.042	14.018	13.373	438	-24	-645	3,2%	-0,2%	-4,6%	-954	-747	-734	-6,4%	-5,1%	-5,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Pola súa banda, o paro rexistrado incrementouse en 8.324 persoas durante o cuarto trimestre, o que supón o peor dato dos últimos anos, con especial mención ao mal comportamento rexistrado no mes de outubro. En termos interanuais, o paro rexistrado reduciuse en 2019, se ben a redución observada ven sendo menos intensa mes a mes, tal e como se pode observar no Gráfico 2



Unha observación máis polo miúdo dos datos indica que a redución interanual do paro rexistrado estase a distribuír de xeito homoxéneo entre homes e mulleres, a diferenza do que viña sucedendo en trimestres anteriores nos que estaba a ser máis intensa entre os homes. Por sectores de actividade e con respecto ao trimestre anterior, o incremento do paro rexistrado en outubro no sector servizos foi o principal responsable do incremento observado, sen que, a diferenza do sucedido no ano anterior, o descenso relacionado coa campaña de Nadal fose quen de compensar o seu efecto. No resto dos sectores, e agás no grupo de persoas sen emprego anterior, obsérvanse incrementos no paro rexistrado, sempre por debaixo do 5% mes a mes, coa excepción do sector agrícola-pesqueiro en outubro e do sector da construción en decembro. En termos interanuais se observa descenso do paro rexistrado en todos os meses e para todos os sectores de actividade, se ben o sector que máis emprego creou, o dos servizos, é tamén o que presenta menores descensos do paro, nunca superiores ao -2% mentres o resto se moven en descensos de entre o -4% e o -8%.

Xa para rematar, a análise por rangos de idade indica que as persoas de 45 e máis anos foron o grupo entre o que máis aumentou o paro rexistrado; de feito, son o único grupo para o cal se rexistra incremento en termos interanuais (decembro) Se ben a tendencia xeral é de redución do ritmo de diminución do paro rexistrado, o grupo que está a rexistrar un mellor comportamento en termos interanuais é o de persoas entre 30 e 44 anos, e o de menores de 30 en termos intertrimestrais.

No último trimestre do ano obsérvase un descenso acusado na contratación, non só respecto do trimestre pasado, o cal é habitual no último trimestre do ano, senón en termos interanuais. Este descenso rexístrase en todos os tipos de contrato, se ben foi no contrato indefinido onde este descenso tivo unha menor incidencia. Por sexo da persoa traballadora, o descenso tivo idéntica repercusión entre homes e mulleres respecto do trimestre anterior, pero en termos interanuais o descenso na contratación foi moi superior entre as mulleres (-16% en mulleres, mentres que entre os homes non acadou o -10%)

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2019

	Trimestre actual				
	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior	
4º Trimestre 2019	226.756	-94.706	-29,5%	-33.406	-12,8%
Homes	119.083	-49.715	-29,5%	-12.857	-9,7%
Mulleres	107.673	-44.991	-29,5%	-20.549	-16,0%
<30 anos	69.331	-43.831	-38,7%	-14.664	-17,5%
entre 30 e 44 anos	98.312	-27.240	-21,7%	-10.998	-10,1%
>44 anos	59.113	-23.635	-28,6%	-7.744	-11,6%
Indefinido	22.234	-1.334	-5,7%	-2.121	-8,7%
Temporal	201.766	-91.429	-31,2%	-28.818	-12,5%
Prácticas / Formación	1.458	-620	-29,8%	-2.270	-60,9%
Otros	1.298	-1.323	-50,5%	-197	-13,2%
Agricultura e Pesca	7.319	-5.108	-41,1%	-228	-3,0%
Industria	39.092	-2.886	-6,9%	2.251	6,1%
Construción	12.594	992	8,6%	2.473	24,4%
Servizos	167.751	-87.704	-34,3%	-37.902	-18,4%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Por sectores de actividade, cómpre sinalar que a contratación medrou no sector da construción tanto en termos intertrimestrais como interanuais, e que a industria o fixo tamén neste último caso. O descenso cabe adxudicalo, xa que logo, ao impacto do descenso da contratación no sector servizos e, en moita menor medida, ao sector agrícola-pesqueiro, cuxo trimestre de maior contratación adoita ser o terceiro.

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 4º Trimestre 2019

	Afiliações media 4º Trim 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	absoluta	absoluta	absoluta	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa
	outubro	novembro	decembro	outubro	noviembre	decembro	outubro	noviembre	decembro	outubro	noviembre	decembro	outubro	noviembre	decembro
Galicia	1.027.450	1.023.589	1.020.259	-2.097	-3.861	-3.330	-0,20%	-0,38%	-0,33%	14.252	13.718	14.151	1,41%	1,36%	1,41%
España	19.429.993	19.376.878	19.408.538	106.542	-53.115	31.660	0,55%	-0,27%	0,16%	436.920	431.254	384.373	2,30%	2,28%	2,02%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Segundo os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social, a 31.12.2019 había en Galicia -4.934 persoas afiliadas á Seguridade Social menos que ao remate do trimestre anterior (un -0,5% menos), porcentaxe que está lixeiramente por baixo do descenso na afiliación observado en España no último trimestre do ano (o -0,6%). Na comparativa coa situación no mesmo período en anos anteriores, segue a rexistrarse incremento na afiliación tanto a nivel estatal como galego, se ben nos dous ámbitos o crecemento da afiliación en 2019 foi claramente inferior ao rexistrado en 2018. Así, Galicia pasa dun incremento do 2,01% ao 1,41%, mentres que en España o crecemento da afiliación foi do 3,06%, reducíndose en máis dun punto porcentual en 2019 (o 2,02%). Trátase de reducións no ritmo de xeración de afiliacións do -30% e do -34%, respectivamente. O incremento da afiliación en Galicia tan só supera en termos porcentuais ao de Asturias, as dúas Castelas, Extremadura e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Sinistralidade

Nos tres primeiros trimestres de 2019 os accidentes laborais con baixa incrementáronse o 7,2% respecto do mesmo intervalo de 2018. Todos os tipos de accidentes rexistraron incremento no semestre e foron os graves os que amosaron maior crecemento, seguidos dos mortais e os leves.

Por sectores de actividade, e aínda que en todos salvo o da pesca víronse incrementados, o da construción rexistrou o incremento máis acusado de accidentes no período, por riba do 24% nos leves e do 30% dos graves (os accidentes mortais, pola contra, reducíronse) En accidentes graves destaca o incremento do 68% no sector servizos, así como o mal dato de accidentes mortais na industria (nove persoas traballadoras falecidas na industria fronte a catro nos primeiros nove meses de 2018) e do propio sector servizos, cun incremento de accidentes mortais do 53,8%.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2018/2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var
Agricultura	881	935	6,1	48	44	-8,3	4	4	0,0	933	983	5,4
Pesca	695	672	-3,3	28	25	-10,7	3	1	-66,7	726	698	-3,9
Industria	6.359	6.592	3,7	76	79	3,9	4	9	125,0	6.439	6.680	3,7
Construción	2.467	3.062	24,1	73	95	30,1	11	6	-45,5	2.551	3.163	24,0
Servizos	9.476	9.987	5,4	103	173	68,0	13	20	53,8	9.592	10.180	6,1
Total	19.878	21.248	6,9	328	416	26,8	35	40	14,3	20.241	21.704	7,2

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Pola contra, a tendencia reflectida para os índices de incidencia desvíase dos datos recollidos no cadro anterior, e amosan redución da sinistralidade para os accidentes leves (o -12,6%) e mortais (-6,5%) e incremento para os graves. O índice de incidencia deste accidentes diminúe para todos os sectores de actividade e faino con maior intensidade na construción e os servizos, con diminucións que acadan nos dous casos os dobres díxitos.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Setembro 2018/2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var
Agricultura	2.802,2	2.621,8	-6,4	152,7	123,4	-19,2	12,7	11,2	-11,8	2.967,6	2.756,4	-7,1
Pesca	3.742,8	3.544,3	-5,3	150,8	131,9	-12,6	16,2	5,3	-67,4	3.909,8	3.681,4	-5,8
Industria	4.805,9	4.520,4	-5,9	57,4	54,2	-5,7	3,0	6,2	104,3	4.866,3	4.580,7	-5,9
Construción	4.670,5	3.871,6	-17,1	138,2	120,1	-13,1	20,8	7,6	-63,6	4.829,5	3.999,4	-17,2
Servizos	1.598,9	1.363,2	-14,7	17,4	23,6	35,8	2,2	2,7	24,7	1.618,5	1.389,5	-14,2
Total	2.401,3	2.099,2	-12,6	39,6	41,1	3,7	4,2	4,0	-6,5	2.445,2	2.144,3	-12,3

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, en Galicia leváronse a cabo 51 folgas entre xaneiro e outubro de 2019, o que supón un incremento dun 54% fronte ás rexistradas no mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, o incremento foi aínda maior, cun 64,4%. Porén, esta tendencia ascendente non se observa no número de xornadas non traballadas, que se reduciu nun -10% respecto ao rexistrado no período de referencia en 2018. A nivel estatal, a conflitividade aumentou tomando como referencia calquera dos tres criterios presentados, con incrementos que varían entre o 3,8% do número de participantes en folgas e o 39% do número de xornadas non traballadas.

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Outubro 2019

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	77	27	17.670	6.924	44.363	-4.875
España	725	160	236.019	8.692	761.030	217.016

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(datos provisionais)

Expedientes de regulación de emprego

Non están dispoñibles na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria datos relativos a Expedientes de regulación de emprego máis actualizados que os xa recollidos en anteriores edicións deste Boletín.

O análise da Estadística de Regulación de Emprego, publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social recolle datos estatísticos actualizados ao mes de novembro de 2019. Se ben non recolle datos por número de expediente e Comunidade Autónoma que permitan un cotexo máis directo cos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. Así, de xaneiro a novembro de 2019 observouse en Galicia un incremento do 73,1% no número de persoas traballadoras afectadas por ERE, para un total de 4.174 persoas afectadas. Este incremento rexistrouse para cada tipo de ERE, se ben o aumento apreciado en cada un deles varía entre os derivados de redución da xornada, que fican nun aumento inferior ao 10% no número de persoas traballadoras afectadas e os de despedimentos colectivos, nos cales o número de persoas traballadoras afectadas se duplica (de 883 a 1.765 persoas)

A comparativa dos datos recollidos no parágrafo anterior co sucedido en España nese mesmo período indica que a evolución dos ERE en Galicia está a ser máis negativa para todos os tipos de expediente, sempre no que atinxe ao número de persoas traballadoras afectadas, segundo se reflicte na seguinte táboa.

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego Galicia-España (Xaneiro-Novembro 2019)

	TOTAL			DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADA		
	Valores Absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores Absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores Absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores Absolutos	Variación respecto ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
España	77.359	14.743	23,5	27.525	9.411	52,0	47.571	6.334	15,4	2.263	-1.002	-30,7
Galicia	4.174	1.762	73,1	1.765	882	99,9	2.250	866	62,6	159	14	9,7

Estadística de expedientes de regulación de empleo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Custos laborais e salariais

O valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse nun 2,8% en termos interanuais no terceiro trimestre. segundo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE, acadando un total de 2.350,50 €. O valor medio do custo salarial medrou en igual porcentaxe no mesmo intervalo e acada os 1.712,70 €. Estes incrementos fan de Galicia a terceira Comunidade na que medraron máis os custos laborais e a segunda respecto dos salariais no último ano.

En canto aos custos por hora efectiva, no terceiro trimestre de 2019 rexistráronse incrementos aínda maiores en termos interanuais e supoñen aumentos superiores aos da media estatal en 1,3 puntos porcentuais para os custos laborais por hora traballada, e 1,5 puntos para os salariais.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2019

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.663,0	2,0	12,4	0,6
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.350,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades mercantís constituídas e disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2019

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	909	36.535	160	-66,0%	-35	-35,0%
Sociedades que ampliaron capital	396	172.770	138	9,4%	108	-54,0%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

No último trimestre de 2019 constituíronse 909 sociedades mercantís en Galicia, é dicir, aumentaron en 160 en comparación co trimestre anterior. Porén, o capital medio subscrito nesas sociedades reduciuse de xeito acusado, ata un -66%. Respecto do último trimestre de 2018 tamén se produciu diminución nos dous parámetros, sendo caso a redución do capital das empresas maior que

a producida no número destas (un-4% menos sociedades constituídas, cun capital aumentaron fronte ao segundo trimestre tanto en número como en capital ampliado. Respecto ao último trimestre de 2018 incrementouse o seu número, pero diminuíu o capital ampliado ata máis da metade.

No último trimestre de 2019 disolvéronse 413 sociedades mercantís, 216 máis que no trimestre anterior e 33 máis que no último trimestre do 2018. No relativo ás reducións de capital, producíronse en 74 empresas, o que tamén supón incremento en termos intertrimestrais e interanuais. Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, 18 de fusión e 72 empresas entraron en situación concursal, dato lixeiramente superior ao do mesmo trimestre de 2018.

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2019

	4T19	3T19	4T18
Sociedades disolvidas	413	197	380
Sociedades que reducen capital	74	59	61
Sociedades en situación concursal	72	48	69

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No último trimestre clausurouse a II Edición do Curso de Formación en Negociación Colectiva e Individual no ámbito laboral, organizado en colaboración coa Universidade de Vigo, e remataron as xornadas e seminarios organizados polo Consello en 2019, con xornadas na Coruña, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela. No que atinxe ao exercicio da función consultiva sobre normativa laboral, conferida a este Consello pola súa lei reguladora, ao remate de 2019 emitíronse 55 ditames.

O Consello segue a promover e fomentar a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 87 expedientes ao remate do ano, A porcentaxe de procedementos de mediación e arbitraje aceptados polas partes e pechados con acordo ou laudo arbitral fica ao redor do 76,4%. Para rematar, e no que se refire na súa labor a prol da negociación colectiva, neste trimestre asináronse na sede do Consello os novos Convenios colectivos dos sectores de ámbito galego de Centros Especiais de Emprego e de Instalacións Deportivas e Ximnasios.

Máis información sobre a negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

